BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Mércores, 30 de xuño de 2021
Núm. 123

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Recadación

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DOS PADRÓNS DAS TAXAS DE RECOLLIDA DE LIXO, AUGA, CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO 1º SEMESTRE 2021

A N U N C I O

COBRANZA EN VOLUNTARIA DOS PADRÓNS DAS TAXAS DE RECOLLIDA DE LIXO, AUGA, CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO 1ºSEMESTRE 2021.

Logo de seren aprobados mediante Resolución da Alcaldía os padróns municipais das taxas de recollida de lixo, subministración de auga, canon da auga da Xunta de Galicia e saneamento e depuración correspondente ao 1º semestre do 2021, exponse ao público, para os efectos de exame e reclamacións, por un período de 15 días, que comezará a contarse a partir do día seguinte en que este anuncio sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, comunícaselles aos/ás contribuíntes afectados/as que o período voluntario de cobranza do mencionado padrón será do 01 de xullo ao 31 de agosto do 2021, ambas as dúas datas incluídas, mediante a orde de domiciliación bancaria ou nas oficinas das entidades colaboradoras (na propia oficina bancaria, nos caixeiros automáticos e a través de sede electrónica do concello-pasarela de pagos), empregando os recibos que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. De non recibir ditos documentos de pago, deberán solicitar un duplicado nas dependencias da tesourería-recadación do concello do Grove. Para os recibos domiciliados o cargos nas contas bancarias efectuarase a partires do día 30 de xullo deste ano.

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5, 10 ou 20% e os demais conceptos esixibles. O dito procedemento executivo no caso do canon da auga levarase a cabo pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da vixente Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón poderá interporse un recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes, que comezará a contarse desde o día seguinte ao do remate do período da súa exposición pública, de conformidade co previsto no artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Alcalde, Jose Cacabelos Rico. Documento asinado dixitalmente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación: